

# Vocabulario - Xeografía

## 2º Bacharelato - PAU 2026

### Bloque 1. España, Europa e a globalización

**01. Proxección cartográfica:** procedemento matemático empregado para representar sobre un plano a superficie curva da Terra. Ningunha proxección é totalmente fiel, polo que cada tipo conserva mellor unhas propiedades (formas, superficies, distancias ou direccións) en detrimento doutras. Destacan a cilíndrica, a cónica ou a acimutal.

**02. Ortofoto:** fotografía aérea dixitalizada que se ten corrixido xeometricamente para eliminar distorsións -como a orientación da cámara ou as diferenzas de elevación. As ortofotos presentan a mesma escala en toda a superficie e poden usarse como mapa. *\*Nova rúbrica 2025*

**03. Sistema de Información Xeográfica (SIX):** colección integrada de software e datos informáticos utilizados para visualizar e administrar información sobre lugares xeográficos. Un SIX proporciona un marco para recopilar e organizar datos espaciais e información relacionada para que se poidan amosar e relacionar. *\*Nova rúbrica 2025*

**04. Fondos estruturais:** son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinado ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego, son os principais. *\*PAU 2025 (Extraordinaria)*

**05. Movementsos antiglobalización:** corrente de protesta mundial que inclúe a dúcias de grupos de diferentes países que teñen en común o seu rexeitamento ao capitalismo e ao modelo neoliberal. Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen sindicatos, intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas ou grupos desfavorecidos que acusan ao sistema económico de amoral e inxusto. *\*ABAU 2023 (Extraordinaria)*

**06. ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible):** son 17 obxectivos de desenvolvemento humano programados pola ONU para atallar unha serie de problemas mundiais: a pobreza, a desigualdade económica, o cambio climático e a degradación ambiental, igualdade de xénero, un

modelo urbano sustentable, produción e consumo sustentables, o progreso na educación, a paz e a xustiza. Este programa, que comezou no ano 2015 e finaliza no 2030, preséntase como unha oportunidade para que os países emprendan un novo camiño co que mellorar a vida da cidadanía, en especial, naqueles lugares onde estes problemas son máis acuciantes.

**07. Parroquia:** unidade administrativa de base relixiosa, que organiza o territorio a partir dos membros pertencentes a unha mesma freguesía. Esta institución apareceu en Galicia na época sueva e mantense ata a actualidade. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**08. Municipio:** unidade territorial-administrativa máis básica recoñecida pola Constitución de 1978. Está organizado por un concello dirixido por un alcalde e unha corporación elixidos democraticamente. De orixe castelán, onde o poboamento está concentrado, esta división territorial de tipo política non consegue adaptarse á realidade de Galicia, onde o nome do municipio coincide co núcleo de poboación máis grande, pero que está lonxe de reunir a maior parte da poboación do concello, razón polo que a poboación segue a demostrar máis apego á parroquia que non ao municipio. *\*Rúbrica modelo 2025*

**09. Provincia:** entidade local con personalidade xurídica propia, segundo a Constitución de 1978. Constitúe unha agrupación de municipios que se creou por primeira vez coa división de Javier de Burgos en 1833. Na España actual hai 50 provincias, sendo as catro galegas A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. *\*ABAU 2023 [ampliado]*

**10. Comunidade Autónoma:** división político-administrativa do territorio que engloba a varias provincias. Aparece coa Constitución de 1978, se ben esta figura xa aparece recollida na Constitución de 1931. De feito hai tres nacionalidades históricas (Galicia, País Vasco e Cataluña) que accederon á autonomía pola vía rápida do artigo 151, mentres que o resto das CC.AA. (ata as 17 que configuran o Estado descentralizado español) fixéronno polo artigo 143. Cada CC.AA. está dotada dun goberno, parlamento e tribunais de xustiza propios. *\*Rúbrica modelo 2025*

**11. Espazo Schengen:** conxunto dos territorios dos Estados europeos -membros ou non da UE- nos que se aplica a supresión de controis nas fronteiras interiores e as persoas circulan libremente. Foi previsto no Acordo de Schengen de 1990; entrou en vigor en 1995. *\*Nova rúbrica 2025*

**12. BRICS:** siglas que fan referencia ao conxunto de países formados por Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica. É o grupo de países máis adiantados dentro das economías emerxentes. É unha

asociación político-económico-social que, en 2024, se ten ampliado co ingreso de Arxentina, Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Exipto e Etiopía. Coa súa asociación, pretende un maior equilibrio dentro da economía mundial. *\*Nova rúbrica 2025*

**13. G20:** grupo de discusión económica, formado por 19 Estados, máis a Unión Europea onde se reúnen regularmente, dende 1999, xefes de Estado, gobernadores centrais e ministros de finanzas. Intégrano os países máis industrializados do G7, xunto con outros emerxentes de distintos continentes, e teñen por obxectivo coordinar medidas para impulsar o crecemento e intercambio económico mundial. *\*Nova rúbrica 2025*

**14. Banana Azul:** espazo europeo de alta concentración de poboación, industria e servizos avanzados que se estende dende o sur de Inglaterra ata o norte de Italia pasando polos Países Baixos, Bélxica, Alemaña e Francia oriental. Constitúe o principal eixe económico da Unión Europea.

**15. Brexit:** palabra que designa a saída do Reino Unido da Unión Europea, e que está conformada pola unión dos termos ingleses *Britain* (“Gran Bretaña”) e *exit* (“saída”). Tras a consulta en referendun aos cidadáns británicos en 2016, estes decidiron saír da Unión Europea, abandono notificado en 2017 e consumado xa no ano 2020.

## Bloque 2. A sustentabilidade do medio físico de España

**16. Paisaxe:** calquera parte do territorio, tal como a percibe a poboación, resultante da interacción de elementos bióticos, abióticos e antrópicos. A paisaxe constitúe o obxecto de estudo da xeografía por ser o escenario da interrelación dos elementos naturais e a acción humana. Podemos distinguir paisaxes naturais e paisaxes humanizados. *\*Rúbrica modelo 2025*

**17. Aluvián:** depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**18. Meseta:** superficie plana de gran extensión, horizontal ou lixeiramente basculada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus

rebordes poden ser montañosos. En España é a unidade principal do relevo peninsular. *\*ABAU 2024*

**19. Tectónica de placas:** teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse. *\*ABAU 2024*

**20. Glaciar:** masa de xeo permanente formada pola acumulación e compactación da neve en zonas de alta montaña ou rexións polares, desde as que vai descendente en forma de lingua. Caracterízase polo seu movemento lento e pola capacidade de erosión, transporte e sedimentación sobre o relevo.

**21. Ría:** val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. Un bo exemplo disto son as Rías Altas (Betanzos, Ortigueira, Ribadeo...) e as Rías Baixas (Vigo, Pontevedra, Arousa...). *\*ABAU 2024 [ampliado]*

**22. Zócolo:** chaira ou meseta formada na era primaria ou paleozoica como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas síliceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. *\*ABAU 2022*

**23. Cordilleiras de pregamento:** conxuntos montañosos orixinados polo choque de placas tectónicas que provoca o pregamento das capas sedimentarias. As máis recentes, formadas no Terciario, son os Alpes, os Andes ou o Himalaia, caracterizados por fortes elevacións e actividade sísmica. No caso da península Ibérica cabe destacar aos Sistemas Béticos ou aos Pireneos.

**24. Cuncas sedimentarias:** zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaria, arxila, arenitos e margas. Son relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxéneses posteriores. *\*ABAU 2020 (Extraordinaria)*

**25. Aridez:** termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas. Falamos da

aridez cando o valor de precipitación está por debaixo do valor dobre das temperaturas, de xeito que aparece o déficit hídrico que limita o desenvolvemento da vexetación e xera sequidade. Nos climas mediterráneos os meses que rexistran aridez deixan aos ríos sen auga. *\*PAU 2025 (Extraordinaria) [ampliado]*

**26. Barlovento:** aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**27. Inversión térmica:** incremento da temperatura do aire ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O aire máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con aire en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal ou nun val. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**28. Isóbara:** Liña imaxinaria que une os puntos da superficie terrestre que rexistran unha mesma presión atmosférica. Nos mapas do tempo, as isóbaras trázanse cada 4mbs. Cando o seu valor supera o da presión normal (1013mb) constitúen anticiclóns, cando se sitúa por baixo, borrascas. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**29. Isohieta:** isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos. *\*ABAU 2024*

**30. DANA / DINA / Gota fría:** DANA / DINA é o acrónimo de “depresión illada en niveis altos” da atmosfera. É unha “gota fría” que se illou e desprendeu do Jet Stream e provoca habitualmente choivas torrenciais por mor da convección atmosférica. É cada vez máis habitual nos períodos desde finais de primavera ata comezos do outono na cunca mediterránea, onde a mestura de aire quente en superficie e aire frío en altura dá lugar a situacións atmosféricas treboentas. *\*Nova rúbrica 2025*

**31. Emerxencia climática:** caracterización das consecuencias do quecemento global, acentuado no Antropoceno, a causa das emisións de gases de efecto invernadoiro por mor do consumo masivo de combustibles fósiles. Diversos activistas como Greta Thunberg e Extinction Rebellion fan fincapé nas consecuencias do desxeo polar, o incremento do nivel do mar,... e solicitan aos gobernos

mundiais a posta en práctica de políticas ecoloxistas que reduzan os riscos medioambientais. *\*Nova rúbrica 2025*

**32. AMOC:** acrónimo de *Atlantic Meridional Overturning Circulation*, cinta transportadora de calor que facilita a suavidade térmica en Europa occidental. Esta estase a ver diluída pola fusión de xeo ártico nas costas de Groenlandia; en consecuencia, o aporte de auga doce ralentiza a corrente do Golfo, que pouco a pouco desaparecería. *\*Nova rúbrica 2025*

**33. Vexetación clímax:** vexetación que se estableceu por si mesma nun determinado lugar, en determinadas condicións climáticas, en ausencia de accións antrópicas por un longo tempo, é dicir, é o estado de equilibrio ou cuasi equilibrio asintótico dun ecosistema local. A vexetación climax da España húmida, por exemplo, inclúe os bosques caducifolios de Carballo e faia, en combinación coa matogueira de landa atlántica e os prados. *\*ABAU 2023 [ampliado]*

**34. Cunca fluvial:** tamén chamada cunca hidrográfica, é unha porción de terro que drena a un colector principal (río ou lago) limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas. Desde esta liña as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos. Dentro da cunca, as augas forman unha rede organizada xerarquicamente, desde os subafluentes e os afluentes ata chegar ao río principal. Exemplos de cuncas peninsulares son as do Cantábrico, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadalquivir... *\*ABAU 2024 [ampliado]*

**35. Estiaxe:** período durante o cal os ríos ou outras correntes de auga alcanzan o seu caudal máis baixo. A este nivel dáselle o nivel 0 e, a partir del, mídese a altura das augas. En España, os estiaxes son especialmente acusados nos ríos mediterráneos da metade meridional da Península. *\*ABAU 2022*

**36. Marisma:** terreo pantanoso, de auga salgada, situado nas proximidades da costa, case sempre á beira das desembocaduras de ríos. Un exemplo, en España, serían as marismas do Guadalquivir. Fórmanse en baías baixas, que se enchen cos sedimentos achegados polos ríos e o mar, que as cobre en preamar e as deixa ao descuberto en baixamar. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria) [ampliado]*

**37. Acuífero:** formación constituída por unha ou máis capas de rochas, capaz de almacenar e ceder auga infiltrada no solo. Os acuíferos son permeables e gardan auga coterránea que se transmite a

lagos, pantanos, fontes e pozos. A súa sobreexplotación para regadío faíños estar no punto de mira da sostibilidade ambiental. *\*Nova rúbrica 2025*

**38. Desalgadora:** planta que produce auga doce a partir da auga salgada mariña. No litoral mediterráneo, onde a cantidade de precipitación recibida é escasa para atender ás necesidades de consumo dunha poboación en medra, trátase dunha solución para o abastecemento de auga doce con diferentes usos vencellados, sobre todo, ao consumo humano. *\*Nova rúbrica 2025*

**39. Mapa topográfico:** cartografía que representa a escala e, mediante algún sistema de proxección, a superficie terrestre nas súas tres dimensións, incluíndo os elementos tanto físicos como humanos. O relevo reflíctese mediante curvas de nivel (isoliñas que unen puntos de igual altitude) e distintas cores (tintas hioopsométricas), e o resto de elementos represéntanse mediante símbolos e cores convencionais descritos na lenda do mapa. Tamén inclúe os topónimos.

**40. Espazos naturais protexidos:** demarcación administrativa establecida co fin de conservar a natureza. Cada administración (europea, estatal, rexional) establece figuras de protección diferentes, con matices específicos en canto a usos e aproveitamentos, e entre elas cabe destacar Parques Nacionais, Parques Naturais, Reservas Nacionais, Áreas Mariñas Protexidas, Paisaxes Protexidos, Zonas de Especial Protección para Aves, etc.

**41. Warming stripes:** representación gráfica das variacións anuais da temperatura media global ou rexional. Cada barra vertical indica un ano, cunha escala de cores que vai do azul (anos máis fríos) ao vermello (anos máis cálidos), permitindo visualizar o proceso de quecemento global.

### Bloque 3. España: a organización do territorio no enfoque ecosocial

**42. Poboación activa:** é aquela que está comprendida entre os 16 e os 65 anos e que está ocupada ou en paro. Quedan excluídos dentro deste sector de idade aquelas persoas que son estudantes, amas de casa, pensionistas por razóns de invalidez, os discapacitados e os rendistas. Esta taxa en España medrou coa incorporación da muller ao mundo laboral e a chegada dos inmigrantes entre mediados da década dos 90 e o 2008. *\*Rúbrica modelo 2025*

**43. Esperanza de vida:** son os anos que se espera que viva unha persoa nacida nun país de acordo co sistema médico sanitario existente no momento de nacer. No caso español esta taxa foi incrementándose ao longo do s.XX dende os 35 anos ata chegar á actualidade, onde temos unha das

taxas máis altas do mundo: 83 anos (85 anos para as mulleres e 80 para os homes). O estilo de vida, o modelo alimentario e o estado do sistema sanitario explican estas taxas tan altas. *\*Rúbrica modelo 2025*

**44. Réxime demográfico:** etapa na evolución do movemento natural dunha poboación cunhas características determinadas en canto á natalidade, á mortalidade e ao crecemento natural ou vexetativo. Distínguense: 1) o antigo réxime demográfico, con altas taxas de natalidade e mortalidade e crecemento vexetativo escaso; 2) o réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade e mortalidade moi baixas. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**45. Crecemento vexetativo:** é o resultado de poñer en relación o número de nados menos o número de falecidos nun país ao longo dun ano. No momento actual en España este crecemento é negativo por posuír unha taxa de natalidade moi reducida e presentar unha taxa de mortalidade incrementada como consecuencia do aumento do número de persoas vellas a consecuencia do avellentamento tras a redución da fecundidade nos últimos 40 anos. *\*Rúbrica modelo 2025*

**46. Padrón municipal de habitantes:** rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada que a do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan. *\*ABAU 2024*

**47. Inverno demográfico:** Situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia. *\*Nova rúbrica 2025.*

**48. Área metropolitana:** rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado. En España as áreas metropolitanas non teñen unha



delimitación oficial, aínda que en xeral considérase que a cidade central debe ter como mínimo 50.000 habitantes , e o conxunto da área, polo menos 200.000 habitantes. *\*ABAU 2021 (Ampliado)*

**49. PXOM:** siglas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, un instrumento de ordenación integral do territorio dun municipio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. *\*ABAU 2021 (Adaptado, antes era PXOU)*

**50. Xentrificación:** proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés “gentrification”. *\*ABAU 2022*

**51. Cidade difusa:** modelo de desenvolvemento urbano de inspiración anglosaxoa, que se caracteriza por unha expansión do tecido urbano, con menor densidade de edificación, ao longo das áreas metropolitanas e contornas rururbanas. Na súa superficie configúranse áreas segregadas, especializadas en funcións residenciais, comerciais e industriais. A “ideoloxía clorofila” dominante a finais do século XX expandiu este modelo en España, que se adaptaba tradicionalmente ao modelo de cidade compacta mediterránea. *\*Nova rúbrica 2025*

**52. Cidade de 15 minutos:** modelo de planificación urbanística sostible, lanzado na COP21 de París (2015), e caracterizado por promover un deseño urbano que facilite o acceso ás necesidades básicas (traballo, vivenda, alimentación, saúde, educación, cultura lecer) baseado na proximidade e nos desprazamentos a pé ou en bicicleta, menos contaminantes. Outro modelo sostible é tamén o das “supermazás” postas en práctica na cidade de Barcelona. *\*Nova rúbrica 2025*

## Bloque 4. España: a ordenación do territorio no enfoque económico

**53. Agricultura ecolóxica:** sistema de produción agraria que mantén a fertilidade do solo a través do emprego de prácticas agrícolas que evitan os produtos da agroindustria (sementes modificadas xeneticamente, fertilizantes químicos ou praguicidas). Para recibir o certificado de produción ecolóxica deben empregarse técnicas de policultivo como sistema natural de protección contra as pragas e un uso extensivo da terra que evite o seu esgotamento e garanta a sustentabilidade ambiental. *\*Rúbrica modelo 2025*

**54. Denominación de orixe:** certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren os parámetros esixidos. *\*PAU 2025 (Extraordinaria)*

**55. Silvicultura:** actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos. *\*PAU 2025 (Extraordinaria)*

**56. FEAGA:** Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria, é o organismo da UE que apoia aos agricultores a través de diferentes réximes de pago, por emprego de métodos agrícolas sostibles e pago aos xoves agricultores. Os pagos están suxeitos ao cumprimento das normas da UE sobre seguridade alimentaria, protección medioambiental e benestar animal. O FEAGA financia tamén medidas paea estabilizar os mercados agrícolas e apoio ás rexións ultraperiféricas. *\*Nova rúbrica 2025*

**57. Caladoiro:** zona mariña onde se concentran abundantes recursos pesqueiros, tanto naturais como derivados das correntes e do relevo submarino. Constitúe a base da actividade extractiva e a súa explotación require regulación para evitar a sobrepesca.

**58. Acuicultura:** conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou ás augas continentais. *\*ABAU 2021*

**59. PPC (Política Pesqueira Común):** conxunto de normas da Unión Europea para a xestión dos recursos mariños, que busca compatibilizar a actividade pesqueira co respecto á sustentabilidade. Establece cotas de captura, medidas de conservación e criterios de reparto entre os Estados membros.

**60. Enerxías renovables:** son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles. *\*ABAU 2024*

**61. Industria 4.0:** a Cuarta Revolución Industrial, actualmente en marcha, implica a utilización de novas tecnoloxías como a robótica, a intelixencia artificial, a nanotecnoloxía e o internet das cousas, entre outras. Todo iso debe repercutir nunha automatización das tarefas e unha dixitalización industrial que quizás reverta o proceso de deslocalización industrial promovido polo neoliberalismo de finais do século XX. *\*Nova rúbrica 2025*

**62. Deslocalización industrial:** traslado dunha actividade industrial dun país ou rexión a outro lugar, coa finalidade de abaratar custes. Co proceso de globalización da economía posto en marcha polas políticas neoliberais, moitas grandes empresas dos países máis ricos aproveitaron esta estratexia para situar as súas plantas de produción en países menos desenvolvidos, onde os salarios son máis baixos. *\*Nova rúbrica 2025*

**63. Descarbonización:** política enerxética consistente na redución paulatina das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) xeradas pola actividade humana. Implica o peche, por exemplo, de centrais térmicas baseadas na combustión de carbón, á par que se fomenta o incremento de enerxía xerada a partir da utilización de enerxías renovables (hidroeléctrica, eólica, solar,...). *\*Nova rúbrica 2025*

**64. Balanza comercial:** rexistro das importacións e exportacións dun país calquera durante un período e é un dos compoñentes da balanza de pagamentos. O saldo da balanza comercial é a diferenza entre exportacións e importacións, é dicir, entre o valor dos bens que un país vende ao exterior e o dos que merca a outros países. *\*ABAU 2023*

**65. Ecoturismo:** nova tendencia do Turismo alternativo, diferente ao Turismo tradicional. Neste enfoque priviléxiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; nesta alternativa turística preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o ambiente e a comunidade local. *\*ABAU 2024 (Extraordinaria)*

**66. Economía sumerxida:** conxunto de actividades produtivas e de intercambio de bens e servizos que non son declaradas á Administración. Escapan ao control fiscal e legal, polo que non xeran ingresos públicos nin dereitos laborais, e inclúen desde traballo non declarado ata contrabando.

**67. Turismofobia:** fenómeno caracterizado polo rexeitamento das poboacións locais do turismo masivo, que xera grandes incomodidades e dificultades aos residentes. Cando nun destino turístico se produce masificación e se desborda a capacidade de carga sobre os recursos medioambientais e mesmo a vivenda, as protestas arrecian e o malestar está próximo á fobia. *\*Nova rúbrica 2025*

**68. Fenda dixital:** desigualdade existente entre as persoas respecto ás posibilidades de acceso, calidade e formación no uso das TIC's (tecnoloxías da información e comunicación). Esta desigualdade dase entre grupos de desigual condición socio-económica e entre habitantes das zonas rurais e urbanas, dado que a cobertura de internet é ben mellor en áreas densamente poboadas. *\*Nova rúbrica 2025*

**69. Plataforma loxística:** espazo urbano delimitado no que se desenvolven as actividades relativas á organización dunha empresa e a distribución de mercadorías, tanto para o mercado nacional como o internacional. A súa recente proliferación viuse favorecida polo auxe do comercio electrónico. En España atopámonos con moitas destas plataforma, destacando unha Zaragoza, cidade que é un importante nodo loxístico.

**70. Economía colaborativa (economía circular):** modelo económico baseado no intercambio e uso compartido de bens e servizos a través de plataformas dixitais, reducindo custos e desperdicio. Vincúlase coa economía circular, que promove o aproveitamento dos recursos, a reutilización e a redución de residuos para favorecer a sustentabilidade.